



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación e Produción Forestal da Consellería do Medio Rural,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal ten previsto formalizar coa
Fundación Semana Verde o instrumento convencional arriba referido por un período de
vixencia que abrangue dende o 8 de abril de 2016 ata o 20 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións da colaboración da Fundación Semana Verde e a Consellería do
Medio Rural para a organización do IV Monográfico Forestal Internacional para o Sur de
Europa de indubidable importancia para os intereses públicos, denominado Galiforest.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución
do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar, se fundamenta nos seguintes
puntos:

Que a Consellería do Medio Rural considera accións necesarias para acadar obxectivos de
política forestal a divulgación de coñecementos e de técnicas de xestión forestal sostible e a
actualización técnica dos propietarios de montes e comunidades de montes veciñais de
Galicia.

Que a explotación e o aproveitamento dos recursos son parte esencial do sector forestal
galego e que reiteradas demandas dende o mesmo reclaman a organización dun novo





Salón profesional centrado nestes dous aspectos. O IV Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa, Galiforest, será un salón dirixido a profesionais nun escenario singular, unha exposición dinámica no monte en condicións reais de traballo. Permitirá ás empresas forestais levar a cabo probas de desbroces, astelados, tala de madeira, apiado de produtos, carga directa en camiión o indirecta en autocargadores, transporte de madeira no monte, sementeira mecánica, aproveitamento de residuos forestais (biomasa), etc., nas que participarán empresas de todo o sector produtivo, tanto fabricantes, como distribuidores de motoserras, grúas, autocargadores, vehículos de transporte, etc.

Que a Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada no 1991, declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

1. Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
2. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
3. Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 29 de xuño de 2016

